



20 de Xuño de 2018
Día Mundial das Persoas Refuxiadas

Por un mar de humanidade

Non é a natureza a que causa mortes no Mar Mediterráneo. Non. Tampouco son os venturosos praceres nin os xogos náuticos. Non. As mortes que se dan no Mar Mediterráneo débense á hipócrita Europa, quen de afortalar o perímetro de fronteiras con muros, valos, exércitos, desbaldimento económico en sistemas de vixilancia terrestre e marítima, tratados inhumanos con Turquía, Libia ou Marrocos, e de levar a cabo unha política comercial e empresarial que ofrece diñeiro a cambio de favores: impedir como sexa a chegada de persoas migrantes a Europa. Mais os conflitos, as guerras, as catástrofes ambientais, as fames son argumentos poderosos que impelen ás persoas a arriscar a súa vida nalgunha das rutas migratorias, que podemos alcumar como rutas da morte.

Hai uns anos era o corpo dun meniño, falecido á beira dunha praia que se converteu en sartego improvisado, o que sacudira as consciencias e provocara unha onda de solidariedade coas persoas refuxiadas procedentes de Siria e outros países en conflito, mais, a conciencia social, despois desa sacudida, esmoreceu un tanto e as mortes foron sucedéndose, as fronteiras europeas seguiron afortalando os seus pasos, e as organizacións de extrema dereita e da dereita, así como as que abrazan o credo neoliberal xogaron a captar electorado con discursos racistas e xenófobos. Uns anos despois da morte daquel neno, son 629 persoas a bordo do barco *Aquarius*, as que removen a nosa conciencia.

Mais estes feitos non son extraordinarios. Non. A Europa-Fortaleza e as normas coas que constrúe as súas fronteiras, provocan que o Mar Mediterráneo devore milleiros de persoas cada ano. O Estado español conta co triste dato de representar o 20% das mortes que acontecen nas fronteiras de todo o planeta. O Mar Mediterráneo representa o 60% das mortes de todo o planeta. Neste 2018, nos primeiros meses morreran 400 persoas no cemiterio marítimo.

En todo o mundo son 68,5 millóns de persoas as desprazadas forzosas no ano 2017. Unha auténtica barbaridade. Os datos que expón ACNUR son elocuentes: cada minuto, 31 persoas vense na obriga de fuxir do seu país e arriscar a súa vida para chegar a un país seguro. Máis da metade das persoas refuxiadas provén de Siria, Afganistán, Sudán do Sur, Myanmar e Somalia. A pesar dos discursos politicamente correctos, o certo é que as persoas refuxiadas agardan nas fronteiras a seren admitidas nos países europeos, e ACNUR informa que no ano 2017 só se acadou o 57% dos fondos precisos para achegar alimentos, auga, educación ou sanidade a quen o perdeu todo. Europa viste a súa faciana humana coa máscara da hipocrisía. Cómpre non esquecer que o 85% das persoas refuxiadas queda nalgún dos países do hemisferio sur, moitos deles empobrecidos.

Cantas mortes se teñen que dar para entender que a solución non pasa por búnquerizar Europa? Que non podemos sacudir só a conciencia de maneira extraordinaria, senón que hai que mudar as lexislacións, as políticas migratorias e respectar a lexislación internacional en materia de Dereitos Humanos? Temos que crear un mar de humanidade e evitar os milleiros de mortes do Mediterráneo e nas restantes fronteiras. Cómpre mudar as políticas comerciais e empresariais e convertelas en políticas de verdadeira cooperación, que axuden ao desenvolvemento dos países empobrecidos e, desde logo, poñer fin aos repartos estratéxicos dos recursos primarios destes países e aos conflitos que ocasionan.

Neste 20 de xuño, amosamos desde Esquerda Unida a nosa solidariedade con todas as persoas refuxiadas e reivindicamos o fin das políticas inhumanas que búnquerizan Europa e converten o Mar Mediterráneo nun enorme cemiterio. Queremos unhas políticas migratorias respectuosas cos Dereitos Humanos. Queremos que o Mar que separa Europa de África e Asia sexa, de novo, un mar de humanidade, un Mar que une.

Compostela, 20 de xuño de 2018